PXAD

Xuño 2023

# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CEIP PLURILINGÜE
WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ.
A CORUÑA

# ÍNDICE

**1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.**

**2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.**

2.1. O que debe ser común para todo o alumnado.

2.2. A organización do centro e as maneiras de traballar co alumnado con necesidade específica deapoio educativo.

2.3. A distribución da atención ao alumnado en función das súas necesidades.

2.4. O que entendemos por calidade e eficacia.

2.5. As decisións pedagóxicas e administrativas especialmente cando atinxen ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

2.6. O deseño das actuacións de acción temperá.

2.7. A participación das familias, dentro do contexto escolar, na educación do alumnado.

**3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.**

**4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

4.1. Medidas de atención á diversidade.

4.1.1. A nivel de centro

4.1.1.1. No proxecto educativo de centro, na concreción curricular e no plan de orientación.

4.1.1.2. Nas programacións docentes.

4.1.1.3. Na programación xeral anual.

4.1.2. A nivel de aula

4.1.2.1. Na programación de cada área.

4.1.2.2. Na selección e realización das actividades.

4.1.2.3. Na avaliación.

4.2. Modalidades de actuación

4.2.1. Atención xeral.

4.2.2. Medidas de tipo curricular e/ou organizativas.

4.2.2.1. Reforzo educativo.

4.2.2.2. Adaptación curricular

4.2.2.3. Agrupamentos flexibles.

4.2.2.4. Repetición de curso.

4.2.2.5. Flexibilización da escolarización.

4.2.2.6. Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.

4.2.3. Medidas específicas para o alumnado procedente do estranxeiro.

4.2.3.1. Grupos de adquisición de linguas.

4.2.3.2. Grupos de adaptación da competencia curricular.

4.2.4. Actuacións a nivel de dotación.

4.2.4.1. No ámbito escolar.

4.2.4.2. No ámbito intraestructural.

4.3. Programas para a atención á diversidade.

**5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.**

**6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.**

**7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS .**

**8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.**

**9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.**

**10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.**

**11. ANEXOS**

**CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19  15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

# 1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

A evolución da sociedade a unha maior interculturalidade, en pleno cambio cara a unha sociedade mais tecnolóxica e dixitalizada, cunha maior e rápida implantación de novidades nos sistemas de comunicación, e as consecuencias da adaptación a un medio tan cambiante, fan que debamos estar alerta ante as diferencias individuais de adaptación ao cambio co obxecto de reducir as diferenzas de acceso ao sistema.

A complexidade da nova realidade social e económica derivada desta etapa de transformación á era dixital ven a ter consecuencias no dia a día das familias, do alumnado e en todo o sistema educativo. Dependerá de todas as administracións do estado e da Unión Europea ordenar e xestionar este proceso de adaptación aos cambios que se están a dar e xustamente vai requirir do noso esforzo como profesorado, como centro, como administración educativa e tamén no esforzo das familias e do alumnado.

A Lei orgánica 3/2020 do 29 de decembro de educación trata de garantir a non discriminación e a igualdade de oportunidades para todo o alumnado. A Orde 8 de setembro de 2021 nas disposición xerais recolle os seguintes requisitos para que haxa unha verdadeira inclusión:

a. Necesítase realizar un gran esforzo na cualificación do profesorado, tanto na súa formación inicial coma na permanente.

b. Necesítase un sistema educativo e unha sociedade que promovan o desenvolvemento de todos os talentos de cada alumna e de cada alumno.

c. Compre un tecido educativo e social comprometido coa investigación, coa innovación e co aproveitamento tecnolóxico.

d. Precísase unha sociedade inclusiva e comprometida coas persoas mais vulnerables.

e. O alumnado deste primeiro cuarto do século XXI naceu, vive e se desenvolve nun contorno dixital, polo que o sistema educativo, en xeral, e o profesorado, en particular teñen que se adaptar a ese contorno e teñen que ver nos recursos tecnolóxicos unha oportunidade para a modernización da escola e para, probablemente, un cambio total de paradigma dos procesos de ensino e aprendizaxe.

O noso colexio ven de ter o seu Plan Xeral de atención á Diversidade desde o ano 1999 que foi derrogado e substituído polo Decreto 229/2011 de 7 de decembro. Nestes momentos e co desenvolvemento do mesmo coa Orde 8 de setembro de 2021 estamos a encarar un novo desafío na atención á diversidade, toda vez que neste tempo se foron dando pasos desde a sociedade, a administración e o propio centro para facer fronte a esta nova realidade que acabamos de explicar.

Entendemos a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade

adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado, e tamén das particularidades do noso centro e comunidade educativa, no mesmo sentido que está expresado no Decreto 229/2011.

Atender á diversidade implica garantir un tratamento educativo que parta da situación real de cada alumno ou alumna, teña en conta os referentes culturais de procedencia, de identidade de xénero, de situación socio-económica, de competencias e respecte os ritmos e estilos de aprendizaxe partindo da súa zona de desenvolvemento próxima. Esta maneira de entender a diversidade é a que potenciamos e a que, na medida que sexa da súa competencia, pretendemos que se desenvolva a través deste novo plan de atención á diversidade. Pero entendela así implica recoñecer o expresado tanto no artigo 3.1 da *Convención sobre os dereitos do neno*, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989: que todas as medidas de atención á diversidade deberán estar presididas polo que represente un maior beneficio para cada alumna e cada alumno, polo seu interese superior; como o obxectivo global promulgado e aprobado na *Declaración de Incheon 2030 (UNESCO)* para a realización do *Obxectivo de desenvolvemento Sostible 4 (ODS 2030 ONU): garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade así como promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos.*

A orde 8 de setembro de 2021 trata de contribuír e complementar os catro obxectivos estratéxicos do Consello da Unión Europea ( *facer realidade a aprendizaxe permanente e a mobilidade dos educandos; mellorar a calidade e a eficacia da educación e da formación; promover a equidade, a cohesión social e a cidadanía activa e incrementar a creatividade e a innovación, incluído o espírito empresarial en todos os niveis da educación e da formación):*

- A facer efectiva a equidade.
- A facilitar o éxito escolar de todo o alumnado
- Promover a formación, a cualificación e a aprendizaxe ao longo da vida.

E para facer realidade estes fins, necesitamos:

- Facer prevención.
- Aplicar a flexibilidade.
- Mecanismos de compensación.
- Coordinación e colaboración.
- Mecanismos de control e comunicación.
- Seguimento e avaliación.

Necesitamos comprender, planificar e poñer en práctica o *currículo nun sentido amplo como todo o que un centro docente pon ao dispor do alumnado para que aprenda, algo que vai mais aló de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos, criterios de aprendizaxe e resultados de* aprendizaxe que

sendo necesarios non veña a supoñer "*impedimento nin barreira para as persoas no desenvolvemento das súas competencias".* Deseño Universal para a aprendizaxe (DUA) para lograr a inclusión efectiva de todo o alumnado independentemente da súa diversidade. (Disposicións xerais desta Orde).

Para poñer en práctica este deseño universal de aprendizaxe debemos ter en conta o seguinte:

1. Considerar a singularidade do centro, e procurar o benestar de cada equipo docente, pois cada un destes elementos tamén é diferente, único e diverso.
2. Facilitar o acceso ao currículo a todo o alumnado, partindo do seu nivel de desenvolvemento e ideas previas, intervindo dentro da zona de desenvolvemento próximo de cada quen e prestándolle todas as axudas que necesite e que estean dentro das nosas posibilidades.

Todo o alumnado, independentemente da súa orixe ou procedencia, debe ter as mesmas oportunidades de formación na escola obrigatoria, e as oportunidades comúns de formación deben adaptarse aos intereses, motivacións e capacidades de cada alumno. Como o Decreto 229/2011 recolle: *" O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros nos que se escolariza. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables. A atención deste alumnado, considerado con necesidade específica de apoio educativo na Lei orgánica 2/2006, de educación, deberá axustarse, entre outros, aos principios de normalización de servizos, de flexibilidade na resposta educativa, de prevención e de atención personalizada."*

Neste sentido o noso centro ven a elaborar este plan no que se quere expresar a maneira propia de levar a cabo as liñas xerais de actuación cos fins que enriba mencionamos. E para isto temos que acordar, dentro das posibilidades que nos concede a normativa:

- O que debe ser común para todo o alumnado,
- A organización do centro e as maneiras de traballar con todos os alumnos.
- A distribución da atención ao alumnado en función das súas necesidades.
- As decisións pedagóxicas e administrativas especialmente cando atinxen ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo,
- O deseño das actuacións de acción temperá.
- A participación das familias, dentro do contexto escolar, na educación do alumnado

- Cantas actuacións poidan facerse para mellorar a atención á diversidade.

A escola debe formar persoas autónomas, solidarias, abertas, críticas, coherentes… polo que temos que entender a diversidade como riqueza, non como un problema. Por todo isto, estamos obrigados a reflexionar sobre unha metodoloxía que permita que a escola se adecúe ás circunstancias individuais de cada alumno, ás súas necesidades, motivacións, estilos e ritmos de aprendizaxe, etc.

En consecuencia, e para facilitar a calidade das medidas de atención á diversidade, propoñemos este Plan Xeral de Atención á Diversidade.

# 2.IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

## 2.1. O QUE DEBE SER COMÚN PARA TODO O ALUMNADO.

Tratar igual a quen é diferente é unha maneira de fomentar a desigualdade; pero isto non implica carecer dunhas pautas de actuación comúns para todo o alumnado. Estas pautas de actuación teñen dúas vertentes principais:

- Por unha banda, a curricular, onde debemos indicar os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, etc. que constitúen unha parte fundamental da concreción curricular das diferentes etapas; pero tamén os criterios e as formas de actuación para a atención á diversidade. Estes aspectos, aínda que xa están recollidos no proxecto educativo do centro, deben ser obxecto dunha revisión por parte de todo o profesorado.

- Por outra, a relación persoal co alumnado, e, por extensión, con toda a comunidade educativa. Tamén temos recollido isto en diferentes plans: Plan de acción titorial, no Plan de convivencia, Plan de Orientación, Plan de Plurilingüismo, Plan Dixital, Plan de Mellora do centro, Plan de Benestar do centro, Plan de Acollida ; PLAMBE de Bibliotecas escolares, Plan lector, Plan de atención Temperá.

As diferentes maneiras de actuar do profesorado constitúen tamén a nosa diversidade como docentes e debe ser respectada e valorada esa individualidade do mesmo xeito que é valorada a dos alumnos. Non é negar a liberdade individual establecer criterios comúns de actuación: é adecuarse á normativa establecida. A publicación do Decreto 229/2011 así coma a orden que o desenvolve e todas aqueloutras leis citadas nas disposición xerais deste decreto: *"Lei e integración social dos minusválidos; lei de protección xurídica do menor, lei de protección de datos da carácter persoal; Lei de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade; Lei galega para a igualdade de mulleres e homes; Lei reguladora da responsabilidade penal dos menores; Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega pra a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero; Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas con discapacidade auditiva e xordo-cegas; Lei reguladora da rede de apoio á muller embrazada; R.D. de entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns doutros países; R.D.155/2022 de requisitos mínimos para impartir o currículo de 2º ciclo de educación infantil, educación primaria e educación secundaria; Decreto 120/1998 de orientación educativa e profesional da C.A. de Galicia e Convención do 13 de decembro de 2006 sobre os dereitos das persoas con discapacidade") e Decreto 79/2010 de Plurilingüismo.*

## 2.2. A ORGANIZACIÓN DO CENTRO E AS MANEIRAS DE TRABALLAR CO ALUMNADO CON NECESIDADE DE APOIO EDUCATIVO.

O alumnado con necesidade específica de apoio, como todo o alumnado, precisa de atención, respecto, valoración, adecuación dos recursos ás súas capacidade, e isto non é algo especial senón o que debe ser norma para todos, partindo así dun enfoque DUA. Precisar dunha adaptación curricular, de medidas de reforzo, de formas de avaliación diferente é axustar os recursos –de todo tipo- que temos ao alumnado que os precisa.

A linguaxe xoga un papel fundamental na valoración do alumnado. Se consideramos especial a quen precisa medidas específicas para a súa aprendizaxe, acabamos considerando especial a quen pode ter unhas carencias nun aspecto concreto; pero existen outras habilidades que tamén debemos descubrir e valorar. Precisamos avaliar os progresos do alumnado, pero corremos o risco de valoralos fundamentalmente a través do coñecemento dos contidos. Centrarse neles é só unha maneira de avaliar (das moitas das que dispomos) e a avaliación do alumnado con necesidades específica de apoio educativo necesita moi diferentes formas para realizala, como por exemplo: as rúbricas, dianas de avaliación, diario de aprendizaxe ou portafolio, valorando aquilo que sabe e é capaz de facer. Para conseguir facer este tipo de avaliación é recomendable levar a cabo unhas estratexias metodolóxicas inclusivas axeitadas con moito reforzo positivo. Algúns exemplos son: a aprendizaxe por bandexas, TEACCH, aprendizaxe sen erro, etc.

## 2.3. A DISTRIBUCIÓN DA ATENCIÓN AO ALUMNADO EN FUNCIÓN DAS SÚAS NECESIDADES.

Concíbese a atención educativa á diversidade como: o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade e de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, así como motivacións, intereses situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Por iso, o centro educativo debe proporcionar unha resposta curricular axeitada que compense as diferenzas individuais do alumnado dentro dos principios de normalización, inclusión e equidade educativa. Tal e como estable o artigo 77 da orde 8 de setembro do 2021 de atención á diversidade, o alumnado ten dereito a unha distribución equitativa dos recursos materiais e humanos; pois é a forma de contribuír á calidade, á atención á diversidade e á inclusión educativa.

A distribución da atención ao alumnado realizarase en función das súas necesidades. Para tal fin, o alumnado deberá ser obxecto de realización dunha avaliación psicopedagóxica (artigo 15, orde 8 setembro). Esta avaliación levarse a cabo nalgunha das seguintes situacións:

- discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecte o seu desenvolvemento xeral, así como a súa aprendizaxe;
- indicios de altas capacidades intelectuais;
- prognóstico da necesidade dalgunha medida extraordinaria de atención á diversidade;
- previsión da necesidade de recursos educativos complementarios ou apoios especializados de difícil xeneralización;
- cando os resultados da avaliación inicial deban complementarse con esa avaliación;
- consideración da necesidade de elaborar ou modificar o ditame de escolarización.

O alumnado con NEAE, quedará rexistrado no programa da Consellería DRDADI. En función das necesidades do centro e seguindo a lexislación vixente, estableceranse os apoios pertinentes de PT , AL ou profesorado con

dispoñibilidade horaria. Tal e como se dispón nos apartados 1 e 4 do artigo 57 da Orde de atención á diversidade, a intervención profesional do profesorado especialista en PT e AL enténdese como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) , sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado NEAE.

Dita intervención realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado ao que apoia. A intervención realizada fóra da aula ordinaria terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais, sen que supoña a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia; agás que o alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente á ordinaria; en tal caso, poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnas ou alumnos de forma simultánea.

## 2.4. AS DECISIÓNS PEDAGÓXICAS E ADMINISTRATIVAS ESPECIALMENTE CANDO ATINXEN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO.

Tanto as medidas de tipo organizativo como as de tipo pedagóxico están concretadas no apartado de medidas, plans e actuacións para atender á diversidade. Para tomar estas decisións, rexémonos polo disposto no art. 6, do Decreto 229/2011, e a Orde do 8 de setembro de 2021 no marco das actuacións destinadas a adecuar a resposta educativa á diversidade. Así, tendo como referencia o Decreto:

1. Tomaranse as decisións e adoptaranse as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.
2. Deseñaranse e poñeranse en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno.
3. Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.
4. Desenvolveranse medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
5. Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
6. Potenciar a acción titorial e departamento de orientación por parte de todo o profesorado.
7. Promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceso

educativo.

8. Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como ointercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
9. Adoptar, no ámbito da propia autonomía do centro, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado

Este marco é suficientemente amplo, deixa liberdade para a organización do centro e debemos aproveitar esa liberdade para facer aquilo que más se adecúe ás nosas circunstancias.

### 2.5. O DESEÑO DAS ACTUACIÓNS DE ACCIÓN TEMPERÁ.

A orde 8 de setembro, na súa sección 2ª, establece a prevención como principio para a detección temperá das necesidades educativas. Esta detección parte dos informes de cursos anteriores, porén, estes resultan subxectivos e escasos para os novos profesionais que interveñen cun novo grupo de alumnas/os. Polo que dende o noso centro educativo establécense as seguintes liñas de actuación para detectar ao alumnado que precise de apoio específico e desenvolver un programa de atención temperá:

1. Avaliación inicial por parte do profesorado titor, sen que exclúa a realizada polo orientador/a nos casos que se especifican:

    - As entrevistas ás familias dos nenos/as novos que acoden ao centro por primeira vez. Deberán ser completas e recoller o máximo de información. A recepción primeira das familias que solicitan praza de NEAE faraa o/a xefe/a do Departamento de Orientación, acreditando dita circunstancia cos informes médicos pertinentes (SAT, neuro pediatría,…) os datos recollidos serán traladados aos titores/as titores correspondentes. Existen modelos de recepción nos Anexos deste Plan. O resto de familias será acollida polo profesor titor/a quen realizará a entrevista inicial correspondente.
    - As entrevistas ás familias por parte dos titores: presentación e primeira entrevista na que se profundice nos aspectos mais pedagóxicos e relacionais cara a adaptación do alumnado ao grupo e ao centro.
    - As avaliacións iniciais, que realizará o orientador ou orientadora cando un alumno se incorpore a un curso de Primaria procedente dun sistema educativo de fóra de España, para decidir en que nivel debería de ser escolarizado considerando a normativa aplicable. Esta avaliación non substitúe a que deberá facer o titor ou o profesor das materias que corresponda.

Así será posible detectar ao alumnado que precise apoio específico xa desde a súa entrada no centro e desenvolver un programa de atención temperá.

2. Detección de casos e diagnose.
3. Deseño, coordinación e desenvolvemento do plan de intervención. Este realizarase, seguindo a orde lexislativa, desde un enfoque multidisciplinar e interinstitucional, colaborando o profesorado titor, os equipos docentes; os servizos de orientación; os equipos directivos; as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado; os servizos sanitarios; os servizos sociais e todas as persoas ou institucións que teñan esas actuacións entre as súas funcións.
4. Seguimento e avaliación.

## 2.6. A PARTICIPACIÓN DOS PAIS, DENTRO DO CONTEXTO ESCOLAR, NA EDUCACIÓN DO ALUMNADO.

A normativa recolle amplamente a participación dos pais, os seus dereitos e deberes. Como recordatorio, apuntamos aquí algunhas das canles de participación. Así, os pais ou titores teñen, entre outros, os seguintes dereitos:

- A que os seus fillos reciban unha educación, coa máxima garantía de calidade.
- A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos.
- A ser oídos naquelas decisións que afecten á orientación académica e profesional dos seus fillos.

Para facilitar a participación dos pais no proceso educativo, o profesorado deberá aportar información precisa sobre o alumno nas entrevistas coas familias, determinará a periodicidade dos encontros, que serán regulares e puntuais, as datas de convocatoria, os momentos e horarios de atención semanal, sistemas e medios de colaboración e participación no centro, contidos, metodoloxía, materiais, sistema de avaliación…

Teremos que prantexarnos:

- que información ten ou require a familia sobre as características e as alternativas de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio e, en xeral, sobre as circunstancias e necesidades do seu fillo ou filla en concreto.
- que dinámica familiar detectamos respecto da asignación de roles, o modelo de autoridade, a transmisión de hábitos, as normas e coñecementos, expectativas, valores, actitudes, etc.
- características da familia respecto do seu grupo social de pertenza: clase social, nivel cultural, etc.

- como afecta á dinámica familiar a identificación, de ser o caso, do seu fillo ou filla como alumno con necesidade específica de apoio educativo.
- Tipo de intervención do servizo de orientación que require a familia.

Tanto as familias como a escola enfrontáronse (e enfróntanse) a importantes a cambios. Por iso, a relación familia-escola debe presentar un clima de respecto, confianza mutua e cun mesmo fin, pois este vínculo ten un impacto fundamental na educación das nenas e nenos, de aí a importancia de establecer unha comunicación continua e poder establecer obxectivos comúns en diferentes áreas, facendo especial fincapé nas habilidades sociais e xestión emocional.

Pero a educación, en sentido amplo, debe ser abordada polas dúas institucións facilitando as canles de colaboración e, en consecuencia, aumentando o coñecemento que os dous axentes educativos teñen sobre eles mesmos e sobre o outro. Estas canles poden ser:

- Os órganos de goberno: o consello escolar.
- As asociacións de nais e pais.
- As entrevistas cos profesores.
- As entrevistas co departamento de orientación
- A correspondencia co profesorado a través de email, blog, páxina web, abalar...
- A axenda escolar.
- As escolas de pais.

Os fins desa colaboración resúmese nestes dous puntos:

a) os pais deberían colaborar na integración, compartir información relevante do fillo que o profesorado deba coñecer, evitar críticas sen fundamento e intentar ver ao profesorado como colaborador na educación dos nenos…

b) o profesorado debe explicar ás familias as medidas curriculares e organizativas que teñen os nenos, facerlles participar na avaliación informando de todos os aspectos dela, solicitar a súa colaboración para actividades dentro e fóra da aula, establecer estratexias comúns para a educación emocional, especialmente no apartado das habilidades sociais…

**CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

# 3.DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.

Como obxectivos xerais, o presente plan propón:

1. Facilitar e posibilitar o acceso ao currículo de todo o alumnado.
2. Deseñar respostas educativas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
3. Aproveitar adecuadamente os recursos humanos, materiais e tecnolóxicos existentes no centro.
4. Establecer uns criterios pedagóxicos e organizativos que orienten as medidas a adoptar para co alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
5. Servir de referente para concretar o axuste da resposta educativa ás necesidades educativas especiais.
6. Establecer as medidas e pautas a seguir no centro para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo conforme aos Plans e Programas vixentes.

# 4.DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA Á ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As actuacións irán encamiñadas nunha dobre vertente: por unha banda, pretendemos establecer mecanismos e instrumentos que poidan detectar canto antes as dificultades que un alumno poida ter en función das súas características; por outra, unha vez detectadas esas necesidades, cales serán as medidas para optimizar a resposta educativa.

## 4.1. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

### 4.1.1. A nivel de centro

4.1.1.1. ***No proxecto educativo. Na concreción anual do Plan de Atención á Diversidade e no Plan de Orientación***.

Dentro do proxecto educativo, é preciso concretar diferentes aspectos que van a condicionar asmedidas de atención á diversidade.

- Liñas metodolóxicas xerais.

  Temos que decidir se as liñas xerais de actuación metodolóxica vanse centrar no traballo cooperativo, no traballo por proxectos; deseñar as habilidades competenciais; acordar as estratexias básicas que imos a empregar para o desenvolvemento do proceso lecto-escritor… a coordinación entre o profesorado é fundamental para un mellor desenvolvemento das potencialidades do alumnado.

- Marco de referencia para a atención á diversidade.

Será o Decreto 229/2011 e o Plan xeral deatención á Diversidade reformulado nestas liñas. Dentro do PEC, como liñas xerais, temos:

- Atención ao desenvolvemento equilibrado da personalidade: capacidades, competencias,estilo cognitivo, intereses, motivación.
- Promoción de accións e medidas para a inclusión plena do alumnado con necesidadesespecíficas de apoio educativo e de necesidades educativas especiais.
- Consideración do nivel de desenvolvemento (capacidades, competencias, coñecementos previos, habilidades e destrezas) para promover novas aprendizaxes.

    - Converxencia de actuacións e responsabilidades: plans de Plurilingüismo, Plan Dixital, Plan Lector, Plan de Biblioteca, de Educación Viaria, etc. e todos aqueles recursos dispoñibles no centro para realizar a acción docente.

- Adscrición do alumnado e do profesorado.

  A adscrición do profesorado está regulada pola Orde de 22 de xullo de 1997.

  Os criterios de agrupamentos do alumnado están regulados nas NOF do centro:

    - Art. 139 Criterios de agrupamento en infantil.
    - Art. 140 Criterios de agrupamentos en primaria.

- lan de acción titorial.

  Abonda con citar os obxectivos xerais que definen o noso plan de acción titorial:

    - Impulsar o desenvolvemento psicosocial do alumnado.
    - Proporcionar ao alumnado unha orientación educativa adecuada, conforme ás aptitudes,necesidades e intereses dos mesmos.
    - Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe
    - Coordinar as accións dos equipos docentes
    - Orientar aos pais no seu labor educativo

- Plan de atención á diversidade.

  Dentro deste plan prestamos especial atención a:

    - Liñas xerais de actuación para o alumnado con necesidades educativas especiais e alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
    - Medidas de reforzo e adaptación curricular.
    - Servizo de orientación. Criterios para a utilización dos servizos de apoio.

#### *4.1.1.2. Nas programacións docentes.*

- Procedementos e instrumentos de avaliación para a atención á diversidade.

  Modificar criterios de avaliación podemos facelo só cando se trate de adaptacións do currículo aprobadas polo servizo de inspección. Pero os procedementos, as estratexias, os instrumentos…

**CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

son variacións que entran no ámbito do reforzo. Se un alumno ten dificultades coa linguaxe, avalialo sempre con probas escritas vai a desmotivalo e a favorecer a aparición do fracaso. Buscar outras maneiras nas que o uso da palabra non signifique unha dificultade engadida vai a axudalo sen que modifiquemos criterios de avaliación.

- Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva e para a promoción.
- Actividades de reforzo e ampliación.

  Seguirán as características descritas no plan de reforzo. Aínda que este plan está destinado á recuperación do alumnado que repite curso, os criterios reflectidos nel poden ser de aplicación para todos.

- Metodoloxía e materiais curriculares.

  Especial incidencia na aplicación das tecnoloxías da información e comunicación.

#### *4.1.1.3. Na programación xeral anual.*

- Flexibilización dos horarios.

  Intentar, dentro do posible, estruturar os horarios de maneira que permitan diferentes posibilidades de aproveitamento dos recursos humanos do centro.

- Habilitación de espazos.

  Haberá que ter previstos horarios de uso de todos os espazos do centro.

- Organización do traballo en equipo.

  Estarán previstos tempos e espazos para a coordinación do profesorado que atende ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

- Organización dos apoios e reforzos .
- Materiais e recursos didácticos.

### 4.1.2. A nivel de aula

#### *4.1.2.1. Na programación de cada área:*

- Procedemento para a avaliación inicial.

Os procedementos para a avaliación inicial do alumnado deben estar aprobados no ciclo. A partir da análise por parte do titor da avaliación practicada trasladarase ao departamento de orientación información sobre o alumnado que se presuma con dificultades de aprendizaxe ou de calquera outro tipo que incidan no seu rendemento escolar.

- Obxectivos didácticos orientados ás competencias básicas.

Se isto é de xeral aplicación para todo o alumnado, máis se cabe para o que ten necesidade específica de apoio educativo. Centrar os obxectivos nas competencias é un modelo plausible que pode axudar ao alumnado que teña máis dificultades.

Contidos en función dos obxectivos

- Priorizando estratexias e procedementos.
- Criterios de avaliación orientados a informar do nivel de dominio dos obxectivos previstos.
- Actividades variadas e adaptadas aos distintos ritmos, estilos de aprendizaxe.
- Materiais variados e diversificados, para distintos niveis, ritmos e intereses.

#### *4.1.2.2. Na selección e realización das actividades:*

- Dificultade adaptada e progresiva.
- Distintos tipos de agrupamento.
- Empregando diversos espazos e recursos.
- Dentro e fóra da aula.
- Favorecendo o uso das tecnoloxías da información e comunicación.
- Buscando a integración co resto de compañeiros.
- Que favorezan e promovan a coordinación entre distintas aulas do mesmo nivel/ciclo.

#### *4.1.2.3. Na avaliación:*

- Buscando a participación do alumno na propia avaliación.
- Favorecendo o traballo cooperativo, que promove obxectivos comúns e diversas formas

de avaliación.

- Estimulando o traballo por proxectos que facilita unha mellor concepción das competenciasbásicas e unha máis doada inclusión dentro dun grupo.
- Establecendo criterios adaptados aos obxectivos previstos e que informen do nivel de dominio das competencias básicas.

### 4.2. MODALIDADES DE ACTUACIÓN

#### 4.2.1. Atención xeral.

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno, o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar.

Así, o requirido pola diversidade dos nosos alumnos abarca un amplo abano que inclúe a necesidade de exemplificacións, explicacións ou exercicios específicos, a encomenda de certas responsabilidades, a necesidade de ser posto frecuentemente en situación de éxito, etc. En síntese, trátase de que a cada alumnose lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo, respectando o seu ritmo de aprendizaxe, co obxecto de que vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

Neste tipo de actuacións é preciso coñecer a situación persoal de cada alumno:

- Os principais datos evolutivos e de saúde.
- O estilo e o ritmo de aprendizaxe de cada quen.
- Reflexionar sobre a metodoloxía máis adecuada para cada neno.
- Facilitar o seu achegamento ao currículo.
- Analizar as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e a súa utilidade nos agrupamentos dentro da aula, etc.
- Establecer unha rede coordinadora entre o equipo docente.

#### *4.2.2.* Medidas de tipo curricular e/ou organizativ*o.*

Na atención á diversidade do alumnado poden levarse a cabo diversos tipos de actuacións de

carácter organizativo, pedagóxico e curricular, contempladas na normativa ou deseñadas e planificadas polo centro educativo:

#### *4.2.2.1. Reforzo educativo.*

Esta medida ordinaria de atención á diversidade pode concretarse en:

- • É unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.
- Estará dirixida a aqueles alumnos que teñen unhas certas dificultades de seguimento da programación diaria, ben por exceso ou por defecto (traballos específicos de recuperación, traballos de ampliación, ...) e que coa modificación de elementos non prescriptivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensinanza-aprendizaxe.
- Será elaborada e aplicada polo profesor que imparte a área e o seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario.
- Ao remate do curso, o profesor deberá elaborar un informe relativo ao reforzo implementado. A tal fin, o departamento de orientación dispón dun modelo que figura nos anexos deste Plan.

#### *4.2.2.2. Adaptación curricular*

- Esta medida extraordinaria seguirá o procedemento establecido na Orde do 8 de setembro de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Artigo 55. Consiste na modificación dun ou de máis elementos prescriptivos do currículo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación).
- No Informe psicopedagóxico figurará a recomendación desta medida extraordinaria.
    - Decidirase a conveniencia de elaborar unha ACS para un alumno determinado, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.
    - Terá como referente os obxectivos xerais do ciclo ou nivel, explicitados nos decretos de currículo oficial.
    - A súa elaboración e desenvolvemento, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contextoeducativo ordinario.

- Precisarán autorización da inspección educativa correspondente e levarán o visto bo e  a sinatura da Dirección do colexio.
- Terán unha duración mínima dun curso. Renovaranse cada ano ou cada dous, no caso de que os obxectivos marcados sexan de dous cursos de duración.
- O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor que imparte a área, co asesoramento do departamento de orientación e de calquera outro profesional que participe na atención ao alumno.
- A ACS revisarase periodicamente polo equipo docente que participa na mesma ao remate de cada trimestre e deixarase constancia escrita na propia ACS da avaliación de proceso e da avaliación final. A consecución ou non dos obxectivos servirá de base, en todo caso, para una nova ACS.
- Os obxectivos e criterios de avaliación establecidos nas ACS axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou alumno,  ao seu potencial de aprendizaxe así coma as súas características persoais e sociais .
- O desenvolvemento da ACS farase na aula ordinaria na medida do posible.
- Informe psicopedagóxico, ACS e informe de inspección formarán parte do expediente do alumno e terán carácter confidencial.
- A ACS reflíctese no boletín de información ás familias, no expediente académico, historial académico, informe persoal por traslado, se é o caso, actas de avaliación, informe de avaliación final de ciclo e informe de avaliación final de etapa.
- As nais e pais ou titores/as legais teñen dereito a que se lles facilite, por parte do centro e logo da súa solicitude, unha copia da adaptación curricular autorizada.

**ELABORACIÓN DUNHA ACS.**

1. **Informe psicopedagóxico**:

O profesor que estime a conveniencia de adaptar o currículo dalgún alumno, solicitará a Informe psicopedagóxico á departamento de orientación, cumprimentando o cuestionario previo  ao efecto de determinar a competencia curricular do alumno, estilo de aprendizaxe, necesidades detectadas...

O departamento de orientación realizará a avaliación psicopedagóxica, emitindo o

correspondente informe onde se recolla a necesidade de aplicar esta medida. Recollerá datos relevantes sobre a situación socio-familiar do alumno e sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Eses datos serán aportados polo equipo educativo responsable do alumno. O departamento de orientación do centro e o EOE, se é o caso- elaborarán o informe. Poderá colaborar calquera outro profesional que estea participando na atención do alumno.

2. **Reunión, coordinada pola xefatura de estudos**.

A esta reunión asistirán o titor, os profesores das áreas e os profesionais que participaron na avaliación psicopedagóxica. Nesa reunión decidirase a pertinencia da adaptación, as áreas a adaptar así como aqueles elementos do currículo que, no seu caso, deberán ser modificados.

3. **Redacción do documento** (ACS).

Terá a estrutura que se detalla no anexo deste Plan Xeral de Atención á Diversidade. Os profesores que imparten as áreas obxecto de adaptación realizarán a programación destas e o departamento de orientación elaborará a parte formal da adaptación curricular.

Unha vez elaborada a ACS, pode ser recomendable proceder a unha nova reunión de todas as persoas implicadas, baixo a coordinación da xefatura de estudos, para a revisión do documento, previa á súa remisión á inspección educativa.

4. **Envío da proposta de ACS ao servizo provincial de inspección**

Corresponde a este servizo emitir o informe e a decisión sobre a aprobación. As ACS deben de estar rematadas e aprobadas no primeiro trimestre antes da primeira avaliación para poder ser o referente da avaliación do alumno. Conseguintemente é preciso establecer prazos no proceso de elaboración para evitar incorrer en contradición coa normativa, especialmente se a adaptación debe ser feita no terceiro ciclo. Os prazos orientativos serán:

a. Solicitude de avaliación psicopedagóxica á departamento de orientación: mes de setembro, despois da avaliación inicial.
b. Primeira reunión coa xefatura de estudos: segunda quincena de outubro.
c. Elaboración das programacións das áreas a adaptar e entrega destas últimas ao

departamento de orientación en soporte informático para a elaboración do documento: primeira quincena de novembro.

d. Remisión do documento á inspección educativa, asinada pola dirección: segunda quincena de novembro, tras a segunda reunión de revisión coordinada pola xefatura de estudos.

*5.* **Competencias dos distintos profesionais**.

- É competencia do xefe de estudos na atención á diversidade, coordinar a actividade docente do centro, con especial atención ós procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación coa axuda do Xefe/a do Departamento de Orientación.
- É función do profesor ou profesora que se atope no centro como apoio á atención ós alumnos con necesidades educativas especiais colaborar, se é o caso, co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e a avaliación das mesmas.
- É función do titor coordinar as adaptacións curriculares dos alumnos do seu grupo.
- É función do orientador realizar as avaliacións psicopedagóxicas, se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme ao procedemento que se estableza.

***6.* Modelo de ACS.**

Achégase un modelo nos anexos.

***4.2.2.3. Agrupamentos flexibles.***

Na lexislación vixente establecese que e*n canto se detecten dificultades de aprendizaxe, poñer en funcionamento as medidas de reforzo educativo que poderán ser tanto organizativas como curriculares. Entre estas medidas encóntranse os agrupamentos flexibles."*

O centro terá os seguintes criterios para a formación de grupos flexibles:

*1.* A inclusión dun alumno ou alumna nun grupo flexible será temporal.

*2.* A duración desta medida temporal estará fundamentada no informe do titor ou titora e no

**CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

do departamento de orientación terá a duración dun curso escolar. A incorporación de novo alumnado a un grupo flexible terá como límite o mes de xaneiro inclusive. No caso de verse a necesidade de prolongala, farase unha nova avaliación.

3. A inclusión nun grupo flexible non debe ter como único criterio o nivel de competencia curricular nas materias de Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas, para evitar que o alumnado sexa clasificado por niveis de competencia.
4. Esta medida contará coa conformidade expresa da familia.
5. A xefatura de estudos velará pola necesaria coordinación do profesorado, a adecuación dos obxectivos previstos e a información permanente á familia.

#### *4.2.2.4. Repetición de curso.*

Tal e como establece o artigo 22 do Decreto 155/2022 do 15 de setembro, ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

1. O alumnado que non cumpra as condicións anteriores, permanecerá un ano máis no mesmo ciclo.
2. Esta medida só poderá ser adoptada unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa e irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación organizado polos centros arredor das competencias básicas e a aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe.

Establécense os seguintes criterios á hora de adoptar a decisión de repetir curso:

1. Para que un neno ou nena repita curso de ed. primaria debe decidilo o equipo de profesorado, primando o criterio da persoa titora.
2. De non concorrer circunstancias excepcionais, ningún neno ou nena deberá repetir se o curso anterior e o actual non foi obxecto de medidas de reforzo educativo ou de ACS.
3. Á hora de tomar decisións sobre a conveniencia ou non de repetir curso o equipo de profesores ceñirase á norma: “o alumnado promocionará ao ciclo seguinte sempre que

alcanzase o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e un axeitado grao de madurez consonte a súa idade. Accederase igualmente ao ciclo seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non supoñan un obstáculo para continuar co seu currículo".

#### *4.2.2.5. Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ ou Audición e Linguaxe.*

Medida extraordinaria que contempla o apoio temporal de profesorado especialista en P.T. e AL. O profesorado de A.L. centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala. As funcións e criterios detállanse neste mesmo documento no punto 5.5.

#### *4.2.2.6. Flexibilización da escolarización. Artigo 58 da Orde do 8 de setembro de 2021.*

- Poderase ampliar a duración dunha etapa educativa por un curso a causa de necesidades educativas especiais acreditadas polos servizos de orientación
- Poderase reducir a duración de cada etapa un curso no caso de altas capacidades acreditadas polo servizos de orientación.
- Os prazos para tramitar e resolver as solicitudes de flexibilización por parte do centro será o mes de marzo e o das administracións de abril a xuño.
- No mes de xuño a Secretaría Xeral de Educación e FP. Adoptará as resolución que proceda e llelas comunicará ás dirección dos centros. Estes trasladarállelas as persoas interesadas.

##### *4.2.2.5.1. Redución por sobredotación:*

- A decisión de reducir o período de escolarización irá acompañada de medidas curriculares para que non se limite a un simple adianto de curso.
- Informarase a pais ou titores, que deberán dar a conformidade por escrito.
- O alumnado con sobredotación intelectual será escolarizado en centros ordinarios.
- As medidas curriculares que a acompañen estarán suxeitas a un proceso continuado de avaliación, podendo anularse tal decisión cando o alumno non alcance os obxectivos propostos. Esta anulación terá tamén carácter reversible.

- Poderá anticiparse un ano a escolarización no primeiro curso de educación primaria no ano natural en que cumpre os cinco anos de idade, unha vez acreditada a sobredotación, e se prevea que dita medida é a máis adecuada respecto ao seu desenvolvemento socioemocional e que globalmente ten adquiridos os obxectivos de educación infantil.
- Redución dun ano escolar, independentemente de que se reducise ou non un curso en educación infantil. Esta redución farase no segundo curso do ciclo.
- O rexistro das medidas de flexibilización consignaranse no expediente do alumnado coa indicación da resolución mediante a cal se autorizaron. Artigo 60 da Orde 8 de setembro de 2021.
- A adaptación curricular para un alumno con sobredotación pode referirse ao enriquecemento de obxectivos e contidos, flexibilización de criterios de avaliación, metodoloxía, modificar actividades, materiais, secuencia de contidos, …
- Desde os primeiros niveis de escolarización e durante a educación obrigatoria o alumno con sobredotación poderá seguir medidas de enriquecemento.
- A adaptación do currículo poderá considerar que se curse no nivel inmediatamente superior unha ou varias materias, cando se valore que o rendemento nelas é alto e ten adquiridos os obxectivos do ciclo ou nivel que lle corresponde cursar.
- Poderán utilizar fórmulas flexibles de organización grupal que faciliten a incorporación deste tipo de alumnado a grupos de diferente nivel de competencia curricular ao que lle corresponde por idade.
- A avaliación naquelas materias obxecto de adaptacións curriculares efectuarase tomando como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados para eles.

#### *4.2.2.5.2. Ampliación por necesidades educativas especiais:*

Artigo 58, punto 5 da Orde do 8 de setembro de 2021.

- Na etapa de Educación Infantil.

  Poderase realizar unha ampliación dun curso escolar para o alumnado con NEE, que non poderá permanecer na etapa máis alá dos 7 anos de idade cumpridos no ano natural no que finaliza o curso escolar. No caso no que se realice dita ampliación no 1º ciclo de EI, a incorporación ao segundo ciclo realizarase no primeiro curso dese ciclo.

- En Educación Primaria. A ampliación farase no segundo curso do terceiro ciclo, e nunca permanecerá nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que remata o curso escolar.
- O procedemento para se acoller á flexibilización por ampliación será para o alumnado das escolas infantís (de 1º ciclo de Infantil) o que se expresa no punto 6 apartado a) da Orde do 8 de setembro de 2021, e o procedemento establecido no apartado b) para aqueles outros alumnos que nunca estiveran escolarizados.
- Para ampliar en Primaria procederase conforme ao establecido na mesma orde, punto 7. O prazo de solicitude será o mes de abril para os centros docentes tanto para infantil coma para primaria. No mes de xuño a administración resolverá as solicitudes presentadas.

### 4.2.3. Medidas específicas para o alumnado procedente do estranxeiro.

#### 4.2.3.1. Grupos de adquisición de linguas.

O artigo 68 da Orde do 8 de setembro de 2021 explica que a finalidade destes grupos é *"o impulso dunha dominación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite, canto antes, a súa incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes so curso en que estea escolarizado."*

Estas medidas desenvolveranse mediante agrupamentos flexibles que terán carácter temporal e deberán ser autorizadas pola xefatura territorial, previa solicitude da dirección do centro, informe da inspección educativa e familia informada previamente. Terán as seguintes características:

- Os grupos de adquisición de linguas teñen por finalidade o impulso da formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino. Esta medida estará dirixida ao alumnado que descoñeza completamente ambas linguas oficiais de Galicia.
- O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre; a inspección poderá autorizar a ampliación excepcional dese período. O alumno ou alumna incorporarase ao seu grupo no momento en que ~~a~~ o equipo docente considere superadas as súas necesidades educativas que motivaran es medida.
- Poderán desenvolverse en primaria e, excepcionalmente, no último curso de infantil.
- O alumnado que forme parte destes grupos deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que estea escolarizado no mesmo curso ou ciclo.
- O horario semanal máximo de pertenencia a un grupo de adquisición de linguas será de 5

períodos lectivos no último curso de educación infantil, 10 no primeiro ciclo de la educación primaria e 20 no segundo e terceiro ciclos da educación primaria, reducíndoos progresivamente a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua.

- A avaliación das aprendizaxes específicas no grupo de adquisición de linguas será continua, realizaraa o profesorado encargado dese agrupamento e servirá de referente para a toma de decisións sobre o horario de permanencia nel. Ese profesorado citado poderá asistir as sesión de avaliación con voz e sen voto.
- O profesorado titor informará ás familias da evolución das aprendizaxes realizadas e da inclusión no centro docente.
- O alumnado permanecerá co seu grupo ordinario en educación física e educación artística.
- No último curso de infantil e primeiro ciclo de primaria, levaranse a cabo na aula ordinaria actividades de apoio á aprendizaxe da lingua.

4.2.3.2. **Grupos de adaptación da competencia curricular**.

Están establecidos polo artigo 69 da Orde do 8 de setembro de 2021. de atención ao alumnado estranxeiro con desfasamento curricular .

Esta modalidade de atención ten como obxectivo contribuír, o máis rapidamente posible, a unha competencia curricular que lle permita a plena incorporación ás actividades de aprendizaxe propostas ao grupo en que estea escolarizado.

- Os grupos de Adaptación de competencias son agrupamentos flexibles que terán por finalidade o progreso na competencia curricular. Esta medida estará dirixida ao alumnado que presente un desfase curricular de dous o máis cursos nas áreas instrumentais de Lingua Galega, Lingua Castelá e de Matemáticas.
- A permanencia nestes grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental, e pode estenderse a todo o ano escolar. O alumnado incorporarase plenamente ao seu grupo ordinario no momento no que equipo docente considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao desfase curricular.
- Só poderán desenvolverse no segundo e terceiro ciclos de educación primaria.
- O alumnado deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que

estea no mesmo curso ou ciclo.

- O horario semanal máximo de permanencia é de 8 períodos no segundo e terceiro ciclos.
- O profesorado encargado destes grupos será calquera que teña dispoñibilidade horaria. Asistirá ás sesións de avaliación con voz e sen voto.

### 4.2.4. Actuacións a nivel de dotación

#### *4.2.4.1. No ámbito escolar.*

A atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo deberá contar cunha dotación adecuada de material e de profesorado especialista. A distribución das horas de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo é tarefa do departamento de orientación en colaboración co profesorado especialista de PT e/ou AL e baixoa coordinación da xefatura de estudos. Os criterios para esta distribución están recollidos no apartado 5 deste plan.

En canto á dotación de material, o orzamento que a administración lle concede ao centro está incrementado nunha cantidade fixa anual polo feito de ter departamento de orientación. A principios de curso, o profesorado especialista en P.T. e A.L. xunto co orientador do centro reuniranse para establecer o material necesario para mellorar a atención ao alumnado. A lista de material cursarase por escrito á dirección do centro.

#### *4.2.4.2. No ámbito infraestrutural.*

A escolarización de alumnos con necesidade específica de apoio educativo requirirá que o centro adecúe os seus servizos ás necesidades que estes presenten. De aí que a supresión de barreiras, a ubicación nunha determinada aula, a adaptación dos baños, o comedor escolar, etc. deberán considerar as circunstancias específicas destes nenos.

Por outra parte a adecuación de todos os espazos do centro rexirase polo principio de humanización, no que as condicións de circulación conteñan os elementos necesarios para facilitar a autonomía do alumnado no tránsito dunhas zonas a outras, coa sinaléctica facilitadora de comunicación será unha prioridade na mellora do centro. Exemplos desa sinaléctica están recollidos nos anexos deste Plan.

Son necesarios para facilitar a comunicación de ordes de desaloxamento por causas excepcionais, así coma nos simulacros de emerxencia.

## 4.3. PROGRAMAS E PROTOCOLOS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Actualmente temos aprobados os seguintes programas:

- Plan de acción titorial.
- Plan de convivencia.
- Programa de habilidades sociais.
- Plan lector.
- Plan de Bibliotecas escolares.
- Plan de Plurilingüismo.
- Plan de Identidade de Xénero.
- Proxecto educativo de centro.
- Plan Dixital

### PROTOCOLOS DA XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

- Protocolo de Consenso sobre TDAH na infancia e na Adolescencia non Ámbitos Educativo e Sanitario.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe.
- Protocolo de atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa Sindrome de Down e/ou discapacidades intelectual.
- Protocolo de Identidade de xénero.
- Folla de notificación do maltrato infantil. RUMI Rexistro unificado do maltrato infantil.

**CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

# 5.DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS

O Decreto 229/2011 establece no art. 8, dentro das medidas ordinarias de atención, que se desenvolven na Orde 8 de setembro de 2021, Capítulo IV, artigos do 41 ao 51 e no artigo 53 de Programas de Habilidades e competencias sociais.

## 5.1. OS CRITERIOS QUE ATINXEN Á ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO E DAS AULAS (ELABORACIÓN DE HORARIOS, ASIGNACIÓN DE TITORÍAS, AGRUPAMENTOS DO ALUMNADO, DISTRIBUCIÓN DE AULAS E/OU ESPAZOS.

Están recollidos no NOF.

- O profesorado realizará as programacións didácticas de acordo á unha liña pedagóxica de inclusión, participación, innovación, avaliación, recuperación e de relación co entorno e coas diferentes institucións. (Artigo 44 ).
- O profesorado empregará metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, e aqueles proxectos que promovan a inclusión. (Artigo 45).
- O profesorado adaptará os tempos, os instrumentos e os procedementos de avaliación. (Artigo 46) e terá un carácter especial no caso do alumnado con neae. Nos informes psicopedagóxicos do D.O. figurarán referencias ao tipo de metodoloxías utilizar con cada alumno/a e o mellor método de aprendizaxe.
- Na avaliación, o profesorado prestará atención ás propostas que figuran nos protocolos, programas, guías elaborados pola consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- As aulas de atención educativa e convivencia (Artigo 47). O alumnado que se envíe a esta aula levará tarefas proporcionadas polo profesorado que o remita e para o tempo que dure a súa estancia nesa aula. O procedemento para o seu funcionamento está recollido no NOF do centro.

### 5.2. REFORZO EDUCATIVO. CRITERIOS PARA ESTABLECER O APOIO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA.

**Artigo 48 da Orde do 8 de setembro de 2021.**

1. As medidas de R.E. deberá elaboralas a profesora ou profesor que imparta a materia co coñecemento do profesor/a titor/a .
2. O/a titor/a informará desta medida ao xefe de estudos, aos pais/nais ou titores legais do alumnado.
3. Ao final de curso elaborará un informe individual do R.E. levado a cabo segundo o modelo do centro e será arquivado no seu expediente.
4. O profesorado con dispoñibilidade horaria apoiará preferentemente no mesmo nivel, e, de non ser posible, no ciclo.
5. Apoiarase a todo o alumnado e preferentemente a aquel que precise medidas de reforzo educativo. O xuízo do profesor-titor e, se é preciso, do/a xefe xefa do D.O., establecerá os criterios concretos para cada alumno.
6. Agás casos excepcionais debidamente xustificados, o apoio realizarase sempre dentro da aula.
7. Intentarase rendabilizar o tempo de apoio estruturando as clases de maneira que o profesorado de apoio non teña que esperar a que remate unha explicación para comezar o seu labor.
8. A distribución do horario de apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria seguirá estas pautas:

- Maior número de alumnos con necesidades por aula a criterio do/a xefe/a do D.O.
- Nos primeiros cursos para a adquisición da lecto-escritura..
- O alumnado estranxeiro con descoñecemento das dúas linguas de Galicia que non tivese Grupo de adquisición de Linguas.
- Intentar que eses apoios sexan realizados nas materias instrumentais.

**5.2. PROGRAMAS DE ENRIQUECIMENTO CURRICULAR**. Artigo 49.

- Serán desenvolvidos polo equipo docente co asesoramento da xefatura do D.O.
- Desenvolveranse na aula ordinaria e terán como referente o currículo ordinario do curso no que estea escolarizado o alumno con altas capacidades.
- O profesor da área elaborará actividades e organizará a aula para que este alumnado se beneficie desta medida.
- A participación nun programa de enriquecemento curricular reflectirase nos documentos de avaliación.

**5.3. PLAN DE REFORZO ESPECÍFICO PARA ALUMNADO REPETIDOR**. Artigo 50 da Orde 08/09/2021.

- É obrigatorio para o mestre/a elaborar un plan específico para axudar aos alumnos repetidores a superar as dificultades que provocaron esa repetición.
- O equipo docente coordinado polo titor/a encargarase da súa elaboración para levar a cabo ao longo do curso.
- Existe un modelo nos anexos deste Plan que contén os elementos dos que debe constar.
- Deixarase constancia da información á familia.

**5.4. PROGRAMAS DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS**. Artigo 53 da citada orde.

- Como elementos transversais do currículo, a adquisición das competencias sociais e cognitivas para o fomento dos valores cívicos e sociais do alumnado, o centro dispón dun programa no que se recollen as liñas a desenvolver con carácter xeral a todo o alumnado.
- O Departamento de Orientación, para atender as medidas correctoras do alumnado que incumpra reiteradamente as normas da convivencia do centro, elaborou un pequeno programa de adquisición e mellora das habilidades e competencias sociais como complemento ás medidas correctoras.
- O centro necesita elaborar un programa mais completo onde se poida implicar a mais profesorado, ás familias e, de ser o caso, aos servizos sociais.

### 5.5. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:

#### 5.5.1. CRITERIOS PRIORITARIOS DE ATENCIÓN POR PROFESORADO ESPECIALISTA DE P.T e A.L.

No que aos criterios para a utilización dos servizos de apoio de P.T. e A.L. atinxe, considérase que, tendo sempre como referentes os principios de inclusión e normalización, a proposta de organización de atención ao alumnado terá en conta:

- Atenderase prioritariamente ao alumnado con NEE que así o aconselle o informe psicopedagóxico do DO e/ou o informe do EOE.
- Alumnado con ACS e afectación de funcións cognitivas e/ou NEAE
- Alumnado con NEAE
- Outro alumnado con ACS sen afectación das funcións cognitivas.

Valorarase a continuación dos apoios iniciados no ano anterior sempre e cando non teñan superadas as dificultades que aconsellaron a súa inclusión nos programas de apoio.

#### 5.5.2. ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS DE PROFESORADO ESPECIALISTA de P.T e A.L..

- Este apoio realizarase prioritariamente dentro da aula ordinaria en función das necesidades dos alumnos. A atención fóra da aula ordinaria será excepcional; non poderá exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais e non poderá ocupar todo o horario lectivo semanal dunha área.
- Os especialistas en Pt e AL. deberán elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende en colaboración co profesorado de área que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do Departamento de orientación.
- Colaborará, de ser o caso, na elaboración das ACS do alumnado que atende, así coma no seguimento e avaliación.
- Participará na planificación e desenvolvemento das actuacións e medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- O procedemento para a demanda de intervención, realización de informe ou avaliación psicopedagóxica por parte do servizo de orientación será o seguinte:
- O comunicado do profesor ao departamento de orientación do centro da necesidade de

**CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19  15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

intervención ou avaliación dun determinado alumno.

- O cumprimentación por parte do profesor do cuestionario previo aportado polo departamento de orientación. Este cuestionario informa da competencia curricular do alumno e explicita as dificultades atopadas.
- O proceso de avaliación e redacción do correspondente informe por parte da departamento de orientación.

Ao remate do curso, o profesor  especialista deberá elaborar un informe relativo ao apoio realizado segundo o modelo que elabore o departamento de orientación, anexo a este Plan.

Procurarase ter en conta o horario do grupo no que se imparte a materia obxecto de dificultade intentando que coincidan tempos e materias pero, como o profesorado titor ten  máis posibilidades para modificar o horario da aula, no caso de non coincidir coa materia que se pretende reforzar, deberá ser o profesor titor quen modifique o seu horario para  facilitar os apoios.

Non se usará o horario das especialidades de Ed. Física, Inglés, Música e Relixión.

O profesorado de P.T e A.L. desempeñará a  súa labor co alumnado con NEE que presente dificultades na súa aprendizaxe que impliquen a necesidade dunha atención máis individualizada e que foran previamente avaliados no departamento de Orientación.

# 6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS.

## 6.1. Marco lexislativo básico.

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación Concreción dalgunhas actuacións no centro

### 6.1.1. As actuacións do equipo directivo.

- Canalizar as propostas do profesorado de cara á atención á diversidade para que sexan recollidas nos documentos de organización e funcionamento do centro e quede constancia delas.
- Prever momentos de encontro escola-familia, organizando reunións formativas e informativas para as familias e solicitando a súa colaboración na educación do alumnado, xa que esta concíbese como unha tarefa común.
- Promover o debate colectivo que permita a explicación, a clarificación e o achegamento das concepcións que temos sobre a diversidade e as formas de abordala.
- Promover e potenciar experiencias de traballo cooperativo e por proxectos que resultan máis inclusivas.
- Fomentar a formación permanente do profesorado no coñecemento de estratexias para atender á diversidade.
- Potenciar distintas modalidades organizativas de atención á diversidade (agrupamentos flexibles, talleres, organización por módulos, etc.)
- Facilitar a formación de equipos de profesores desde a organización para posibilitar unha acción máis coordinada, para apoiar proxectos que teñan propostas interdisciplinarias

e/ou modalidades de agrupamento heteroxéneas.

- Acordar, a principios de curso, as canles e contidos para a colaboración entre os equipos docentes dentro do nivel e do ciclo antes de comezar as clases.
- Coordinar o axuste das programacións especialmente no referente ás respostas educativas ante necesidades especiais e/ou apoio.
- Reunións cos equipos de ciclo para tratar determinados aspectos (elaboración de documentos, preparación de materiais, preparación de actividades extraescolares, preparación de actividades para festividades…)
- Establecer o calendario de reunións periódicas entre os mestres de apoio e orientación para o seguimento e avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Dar as pautas, en colaboración co departamento de orientación, para a revisión dos diferentes plans e programas que se aplican no centro.

### 6.1.2. As actuacións do profesorado titor.

- Desenvolver con todo o alumnado programas relativos á mediación e mellora da convivencia, aos hábitos e técnicas de estudo, á toma de decisións e ao pensamento creativo e emprendedor.
- Facilitar o intercambio e a coherencia do proceso educativo coas familias e establecer unha vía de participación activa da comunidade educativa na vida do centro.
- Coordinar ao profesorado que intervén nun mesmo grupo de alumnos para garantir a coherencia do proceso de ensino e aprendizaxe.
- Durante o curso realizaranse as reunións co conxunto da familias que esixe a normativa e, cando menos, unha individual con cada unha delas.
- Informar ao seu grupo sobre a estrutura, normativa e servizos do Centro, potenciando a súa participación na organización da vida escolar, dedicando especial interese ao coñecemento e cumprimento das normas de convivencia.
- Informar sobre os aspectos máis relevantes do curso, criterios de avaliación, recuperacións, etc.

- Ser receptor da problemática xeral e persoal dos alumnos do seu grupo e intentar resolvela.
- Realizar actividades dirixidas a facilitar a integración e participación nas actividades do centro do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias conforme aos criterios do plan aprobado no Consello Escolar.
- Realizar a avaliación inicial e trasladar ao departamento de orientación o alumnado susceptible de recibir medidas de reforzo ou apoio.
- Elaborar os programas de reforzo necesarios coa colaboración de P.T., e no seu caso, o orientador/a.
- Seguimento e avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo xunto con profesorado de P.T. e AL, profesorado de apoio e orientador.
- Control do absentismo escolar a través do control da asistencia diaria e posta en marcha do protocolo de absentismo caso de ser necesario.
- Adaptación da programación en función dos resultados obtidos durante cada unha das avaliacións especialmente no caso de alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Comentar os resultados de cada unha das avaliacións cos alumnos e familias e acordar propostas de mellora.
- Desenvolver programas de técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe con especial atención ao alumnado con necesidade educativa de apoio específico.
- Desenvolver un programa de educación emocional centrado nas habilidades sociais que favoreza a inclusión do alumnado con necesidade educativa de apoio específico.
- Colaborar co departamento de orientación no proceso de avaliación psicopedagóxica, principalmente no referido á valoración do nivel de competencia curricular e do estilo de aprendizaxe.

### 6.1.3. As actuacións do profesorado especialista en A.L. e P.T.

A actuación principal é propiciar a integración do alumnado con necesidade educativa de apoio específico, mediante:

- A atención preferente e directa,

- O achegue de materiais curriculares adaptados a este alumnado.

- O asesoramento e apoio ao profesorado do centro.

O profesorado de P.T e A.L. terá as seguintes **funcións:**

- Colaborar na avaliación psicopedagóxica do alumnado ao que se lle detectaron necesidades educativas especiais.
- Colaborar, de ser o caso, na elaboración xunto co profesorado, as adaptacións curriculares Individualizadas.
- Elaborar, xunto co profesor titor, os programas de intervención individual tomando como referencia as ACS e/ou os programas de reforzo.
- Colaborar co profesorado no seguimento e avaliación do alumnado e dos programas de intervención, procedendo ao reaxuste continuo destes últimos, se fose necesario.
- Elaborar, xunto co profesorado, as adaptacións dos materiais didácticos que o alumnado precisa para acceder ás aprendizaxes.
- Colaborar co profesorado titor nas relacións coas familias para o seguimento do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Intervir directamente co alumnado con necesidades educativas especiais no desenvolvemento dos aspectos determinados nas correspondentes adaptacións curriculares e nos programas de intervención individual.
- Elaborar, xunto co profesorado, o programa de intervención individual co alumnado con necesidade específica de apoio educativo axustando a programación de aula a un alumno concreto. Este programa deberá establecer as tarefas ou actividades que van a desenvolverse no contexto da aula ordinaria e cales noutros contextos, garantindo a coherencia necesaria mediante a correspondente coordinación do profesorado.

- Informar periodicamente ás familias sobre o desenvolvemento escolar, social e afectivo dos seus fillos, directamente ou a través do profesor titor.
- Redactar ao finalizar cada curso o informe final cos resultados obtidos.
- As intervencións especializadas propostas para o alumno con necesidades educativas especiais realizaranse polo profesorado de pedagoxía terapéutica ou polo profesorado de audición e linguaxe e estarán coordinadas polo orientador do centro. No posible tenderase a unificar asintervencións de apoio a un alumno nun só profesional, especialmente nos cursos inferiores.
- O profesorado de A.L. colaborará co profesorado de educación infantil para establecer as pautas de corrección de dificultades de articulación de tipo evolutivo.
- A intervención individual realizarase só cando sexa estritamente necesario.

### 6.1.4. As actuacións do profesorado de apoio non especialista en P.T. e/ou A.L.

- Apoiará dentro da aula seguindo as indicacións do profesor titor.
- Centrará o seu apoio no reforzo de materias instrumentais e no uso de estratexias de aprendizaxe axeitadas.
- Colaborará co profesor titor no deseño e realización de actividades que fomenten a inclusión e colaboración: traballo en parellas, pequenos grupos, grupos cooperativos para unha actividade concreta…
- Colaborará co titor no deseño das funcións e actuacións de cada profesor dentro da aula, no axuste da planificación, ao tempo que se dispón e aos días en que a aula recibe o apoio, no coidado en considerar se ambos profesores están dando a mesma mensaxe ao alumnado.
- Avaliará con regularidade, xunto co profesor titor, os resultados da súa intervención co fin de mellorala.
- De ser o caso, a comunicación coas familias será a través do profesorado titor.

### 6.1.5. As actuacións do departamento de orientación.

- Colaborar cos titores no deseño de medidas, métodos e técnicas para a adquisición e desenvolvemento das técnicas instrumentais básicas.
- Asesorar ao profesorado en aspectos relacionados con ACS do alumnado obxecto de apoio e reforzo

educativo.

- Revisión e actualización das ACS do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Colaboración na elaboración de adaptacións curriculares e na programación de actividades de recuperación, reforzo e enriquecemento.
- Avaliación das necesidades do alumnado susceptible de ser reforzado a partir da avaliación inicial do profesorado..
- Determinación das medidas de atención á diversidade a adoptar, acordes ás necesidades detectadas.
- Reestruturación do horario do profesorado de P.T e A.L. á vista das novas incorporacións de alumnos con necesidades educativas especiais e os seus horarios persoais.
- Avaliación das actuacións de reforzo educativo xunto co profesor titor e o profesorado especialista, de ser o caso.
- Detección, valoración e asesoramento da intervención de alumnos con necesidade específica de apoio educativo.
- Coordinación con especialistas e titores de cara a revisar adaptacións curriculares individualizadas.
- Planificación dos reforzos e apoios: tipo, modalidade e tempos.
- Planificación da intervención: definición de elementos prescriptivos (obxectivos educativos, contidos e criterios de avaliación).
- Potenciación do apoio grupal fronte ao individual, dentro da aula, reservando o apoio fóra a casos excepcionais e debidamente xustificados.
- Recollida de demandas de intervención, análise e priorización das mesmas.
- Elaboración do informe psicopedagóxico e/ou ditame de escolarización se procede.
- Entrevista para dar a coñecer ás familias os resultados da avaliación psicopedagóxica así como dos recursos existentes no centro e do sistema educativo.
- Propor na CCP medidas para axustar o proceso de ensino-aprendizaxe ás necesidades específicas do alumnado coa finalidade de mellorar a resposta educativa.
- Asesorar ás familias do alumnado en xeral e de alumnado con necesidades educativas en especial, para unha adecuada atención no fogar.

# 7 COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS

A estruturación da atención á diversidade esixe ter en consideración:

1. A coordinación entre niveis e interciclos.
2. A colaboración do profesorado en tarefas de apoio.
3. O paso de E.I. a E.P.
4. A preparación para a nova etapa educativa: a ESO.

O Decreto 229/201, no art. 41,3. establece*: "O plan xeral de atención á diversidade deberá especificar os mecanismos de coordinación entre as distintas etapas e entre os centros educativos implicados".* No que atinxe ao alumnado , e especialmente ao que ten necesidade específica de apoio educativo, a transmisión de información do titor que finaliza un ciclo ao que comeza un novo co neno é básica para comezar a traballar sobre o que outro ten xa coñecido. Como di o mesmo Decreto, no art.41: "*A posta en común da información recollida na documentación do alumnado e, particularmente, nos informes de fin de ciclo e/ou etapa, tanto do profesorado titor como do departamento de orientación, de ser o caso, formarán parte dese proceso de coordinación".*

## 7.1. Comunicación internivel. Información básica.

A información transmitida polo titor que deixa ao alumno debe constar de:

- A situación familiar, o historial, a relación dos pais coa escola, o grao de colaboración…
- Descrición da problemática do neno.
- Grao de consecución dos obxectivos do ciclo
- Estilo de aprendizaxe do alumno.
- Medidas de reforzo ou adaptación curricular
- Reforzadores aos que é máis susceptible.
- Apoios específicos recibidos, tempos e contidos.
- Informes do departamento de orientación, da profesora de P.T. e/ou da profesora de A.L.

### 7.2. Paso de Educación Primaria a Educación Secundaria Obrigatoria

Polo que respecta á incorporación dos nosos alumnos á ESO, o/a orientador/a está en contacto co IES de A Sardiñeira, ao que pertence este centro, e co IES Puga Ramón, que son os dous centros aos que acode maioritariamente o noso alumnado.

Entre as actividades que se levan a cabo cada ano son:

- Presentación do IES A Sardiñeira mediante un Power Point coas explicación sobre os pormenores dos estudos da ESO, das materias, horarios, profesorado, alternativas, e características do centro.
- Charlas dirixidas aos alumnos sobre os cambios, as oportunidades e os perigos na adolescencia.
- Reunións coas orientadoras dos dous IES para compartir as particularidades e excepcionalidades do alumnado que solicita praza.
- Toma de decisións sobre as exencións de francés ou 2ª lingua estranxeira co profesorado titor. Información aos pais, se fose o caso e traslado da información á orientación do IES para formación dos grupos.

### 7.3. Paso de Educación Infantil a Educación Primaria

Se a coordinación entre o profesorado de calquera nivel é necesaria, resulta imprescindible cando se trata de infantil e o primeiro ciclo de primaria.

As actuacións de acompañamentos para facilitar esta transición serían as seguintes (NOF art. 87):

*O profesorado de 5 anos do curso anterior acompañará aos titores de primaria do curso seguinte nos dous primeiros días do curso lectivo por un período de 20/30 minutos. Eses dous días o alumnado da 1º quenda de 3 anos entraría ás 9:30 h en vez de ás 9.00 h.*

Este aspecto tamén será beneficioso para alumnado de tres anos que non entrará ao centro ao mesmo tempo que o resto do alumnado.

O motivo do acompañamento do profesorado de 5 anos co alumnado de 1º é que teñan un referente de infantil neste cambio de etapa (se por calquera circunstancia a titora xa non se atopase no centro, irá unha das mestras/es de apoio).

Por outra banda, faranse reunións entre as titoras de EI e novas titoras de EP ao inicio de curso para compartir información relevante sobre o alumnado así como os aspectos metodolóxicos: centrarémonos especialmente nos criterios para o traballo do proceso lectoescritor, aspectos organizativos, experiencias...

A xefatura de estudos planificará unha vez ao trimestre reunións de coordinación entre os mestres de infantil, primaria e especialistas que imparten clases neses cursos para unificar criterios metodolóxicos e organizativos que poidan velar por un cambio de etapa adecuado. (NOF art.4)

# 8. CANLES DE COLABORACIÓN COS PAIS E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

No punto 2.7. indicamos a participación dos pais, dentro do contexto escolar, na educación do alumnado indicando as diferentes maneiras de colaboración que demandamos e podemos ofertar. Basta con recordar neste apartado que debemos intentar que as familias nos consideren como aliados no labor de educar aos seus fillos e para iso é fundamental unha información fluída e frecuente.

Engadiremos ao dito que outras maneiras de comunicación son:

- As reunións trimestrais de titoría grupal coas familias.

  Están fixadas pola normativa. Deben ter unha orde do día coñecida por todos para evitar intervencións individuais. Trátase de comentar aspectos xerais de todo o grupo de alumnos e de motivar aos pais para unha maior colaboración co centro. Estas reunións serven tamén de escolas de pais polo que pode solicitarse a colaboración doutros profesionais para realizalas.

- Reunións titoriais individuais o día da semana que se fixe.

  A hora de titoría será fixada desde principio de curso e comunicada a toda a comunidade educativa. Agás casos excepcionais, as titorías deben ser concertadas con data e hora que fixará o profesorado.

